

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 26, 14-25

Naquel tempo, un dos Doce, chamado Xudas Iscariote, foi onda os sumos sacerdotes e díxolles:

– «¿Canto me dades se volo entrego?»

Eles acordaron darlle trinta moedas de prata. E desde entón andaba buscando o momento axeitado para llelo entregar.

No primeiro día dos Ácidos os discípulos fóronlle preguntar a Xesús:

– «¿Onde queres que che preparemos a cea pascual?»

El respondeu:

– «Ide á cidade, á casa de fulano e dicídelle: "O Mestre di: O momento está preto; vou celebrar a Pascua cos meus discípulos na túa casa".»

Os discípulos fixeron tal como Xesús lles mandara e prepararon a Pascua. Chegado o solpor, púxose á mesa cos Doce. E mentres ceaban díxolles:

– «Asegúrovos que un de vós me vai entregar.»

Moi tristes empezaron a preguntarlle un por un:

– «¿Non serei eu, Señor?»

El respondeu:

– «Un que meteu comigo a man no prato, ese entregárame. O Fillo do Home vaise, como está escrito del; pero ¡ai daquel que entrega ó Fillo do Home! Máis lle valía non nacer.»

Entón Xudas, o que o ía entregar, preguntoulle:

– «¿Non serei eu, Mestre?»

Respondeulle:

– «Ti o dixeches.»